

Lambeite ao mesmo tempo.
Nacim bífida por falarche e
(POLÍTICA LINGÜÍSTICA)

*

mago.
Apostar do vegañismo por
mor das bolboretas no esto-
(GO VEGAN, LOVE)

*

me peche os ollos.
A última en sair de miñ que
(BIPOLARIDAD)

COMPRIMIDOS LITERARIOS



Emma Pedreira (A Coruña, 1978). Filóloga e escritora. Como poeta a súa obra atinxé máis de dez títulos entre os que atopar s/t, *O libro das mentiras* ou *Antidoto*.

En 2017, un poema deste poemario foi considerado o Mellor Poema do Mundo e galardoado co Premio de Poesía Jovellanos. No ano 2018 gañou o Premio da Crítica Española no apartado de narrativa en galego con *Bibliópatas e fobólogos*, o Premio Xerais de novela por *Besta do seu sangue* e o Premio de Poesía Fiz Vergara Vilariño por *As voces ágrafas*, tres dos grandes galardóns das nosas letras. En 2019 gaña o Premio Jules Verne por *Os corpos invisibles* (Xerais) e o Premio San Clemente-Rosalía-Abanca por *Besta do seu sangue*. Esta novela tamén foi considerada, xunto coa autora, a mellor do ano 2018 pola revista electrónica Fervenzas Literarias. En 2020 gaña o Premio da Gala do Libro Galego ao mellor texto xuvenil por *Os Corpos Invisibles*.

O deseexo é esa temia de aprender
a mastigar con outras fauces.

(DESEXO VI)

*

Os segredes mellor gardados teñen
pactos coa morte.

(DEPOSITO A LONGO PRAZO)

*


Un dedo teu na miña boca rema
por un mar de silencio.

(DESEXO)

COMPRIMIDOS LITERARIOS

Dezembro 2020
Manter ao alcance e à vista das crianças e adultos

A BULA[®]
Comprimidos Literários



Este folheto contém información importante para si. Leia-o atentamente.

COMPRIMIDOS LITERARIOS

(DESEXO II)

Todos os animais que me viven entre
as íngoras están agardando unha soa
orde para facerse inverno.

*

(SER HUMANO)

Corpo: a bolsa e a vida.

*

(NAMORO)

Respiro como se me perseguise un
lobo. Dítome disposta a deixar para a
túa boca todo o cárnico que leve posto.

COMPRIMIDOS LITERARIOS

(MIGRAÑA)

Os dous polos cerebrais tratan de ma-
tarse. Unha guerra civil no lugar máis
inaccesible do (meu) mundo.

*

(DESEXO III)

Na túa boca envaíño as miñas armas.

*

(POESÍA ERÓTICA)

Os haikus escribochos coa lingua.
Tres versos riscados no embigo, no
veludo das coxas, no lugar da túa tin-
ta nuclear.

COMPRIMIDOS LITERARIOS

(FESTA DE ANIVERSARIO)

Crepito como un lume moi vello. O
meu nome fala do cansa que estou.

*

(DESEXO IV)

Que a túa e a miña sombra se ache-
guen ata proxectar un mesmo corpo.

*

(PERCORRIDO)

Entre a túa lingua e a miña os nosos
corpos, incomunicados.

COMPRIMIDOS LITERARIOS

(ESCOLIOSE)

Por dentro estou chea de interroga-
tes.

*

(DESEXO V)

Tras das portas do meu armario andas
ti devorando o monstro que me devo-
ra.

*

(VIAXE DE IDA E VOLTA)

Entras en min e eu saio a través do
meu berro, que ecoa na túa boca.

COMPRIMIDOS LITERÁRIOS

(SOIDADE)

Tendo a pel a secar despois de
tela usado toda a noite para
arroupar o noso frío.

*

(VOYEUR I)

Quero ver como encaixa o teu
dano na miña feida.

COMPRIMIDOS LITERÁRIOS

(FEBRE)

No meu delirio hai sacodidas ma-
rítimas. Aboio nunha outra pe-
numbra. Entráchesme polo san-
gue.

*

(CINISMO)

Non queres que o meu corpo (se)
(che) resista.

COMPRIMIDOS LITERÁRIOS

(FILOLOXÍA)

Estudei a morfoloxía do teu terri-
torio. Unha palabra túa bastaría
para fanarme.

*

(RESPONSABILIDADE)

Os nosos fillos teñen o rostro
exacto dos nosos medos.

*

(PINTAR)

Descubro por riba dos lenzos
brancos todas as cores que apou-
samos. Igual ao pintar que ao fa-
cer a cama.

derrotarasme.

COMPRIMIDOS LITERÁRIOS

(INFIDELIDADE)

Non son a outra. Son a prota-
gonista do meu hemisferio.
Como a Lúa cando é día. Co-
mo o Sol cando te deitas.

*

(POEMA)

Todo o que me cae da boca
ao chan prende unha planta
de veneno. Nada nace.

COMPRIMIDOS LITERÁRIOS

(TI)

Ti non eras en absoluto até
que te fixen nome, carne e
sombra.

*

(INVERNO)

Na nudez de todas as árbores
resprandece a celulite das la-
ranxas.

COMPRIMIDOS LITERÁRIOS

(FALSO)

Redondeas todos os circunlo-
quios e atravesas as elipses só
para que o teu *non* soe a outra
cousa.

*

(VELENO)

A túa lingua deixou na miña
pel un rastro que borrou todos
os percorridos do sangue.

*

(CO(g)ITO, ERGO SUM)

Como raíña devórote como
alfil ou
derrotarasme.